

## 4 Redución de emisións na explotación (art. 10)

1. Todas as explotacións de gando porcino de nova instalación (agás reducidas e autoconsumo) deben adoptar as **Mellores Técnicas Dispoñíbeis** (MTD) do Anexo VII, para o que deberán:

- Utilizar unha **estratexia nutricional e unha formulación de pensos** que permitan reducir o contido de proteína bruta da alimentación, e administrar unha alimentación multifase dependendo dos diferentes requisitos nutricionais segundo a etapa produtiva.
- Adoptar unha técnica ou unha combinación de técnicas que permitan a **redución de emisións de amoníaco** en, polo menos, un **60 %** con respecto á técnica de referencia (pisos en grella total, fosas en «U» e mantemento do esterco durante todo o ciclo produtivo nas fosas das instalacións).
- Adoptar técnicas que reduzan, polo menos, un **80 % as emisións de amoníaco** con respecto á técnica de referencia (fosas abertas e sen capa natural).

2. A partir do **1 de xaneiro de 2023 as explotacións existentes > 120 UGM** deberán adoptar un sistema de alimentación multifase, con redución do contido de proteína bruta, así como realizar un baleirado das fosas de esterco dos aloxamentos cando menos unha vez ao mes. Ademais, deberán adoptar, polo menos, unha das seguintes técnicas na súa explotación:

- Baleirado das fosas de esterco dos aloxamentos cando menos 2 veces/semana**, co obxecto de reducir polo menos un 30 % as emisións de gases contaminantes, respecto da técnica de referencia.
- Cubrir as balsas de esterco**, nas zonas en que non se forme de maneira espontánea capa que cubra totalmente a superficie, con técnicas que reduzan as emisións de gases contaminantes polo menos nun 40 % con respecto á referencia da balsa sen capa.



## 5 Rexistro de MTD (Aplicación Ecogan) (art. 11)

Compilación das MTD utilizadas por cada explotación para a redución de emisións.

- O rexistro** actualízase coa **comunicación anual das explotacións** (art. 16).
- Remisión anual da información das MTD** empregadas polas explotacións dende as CCAA ao MAPA.
- Informe anual** sobre a evolución das **emisións** do sector porcino.
- Todas as explotacións de porcino deberán estar de alta na aplicación Ecogan e comunicar as MTD aplicadas na explotación.**



**Máis información sobre Ecogan:**

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/explotaciones/ecogan>



**Información xeral**

**sobre o sector porcino:**

[https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/produccion-y-mercados-ganaderos/ordenacion\\_sectorial/ordenacion-porcino.aspx](https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/produccion-y-mercados-ganaderos/ordenacion_sectorial/ordenacion-porcino.aspx)

OFICINA XUNTA DE GALICIA	ENDEREZO	TELÉFONO/FAX
SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE PONTEVEDRA	Rúa Fernández Ladreda 36003 Pontevedra	T: 986 805 446 / 986 806 554 Fax: 986 805 406
SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DA CORUÑA	Rúa Vicente Ferrer nº 2 15008 A Coruña	T: 981 182 579 / 981 184 548 Fax: 981 184 474
SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE LUGO	Ronda Muralla 70 27071 Lugo	T: 982 294 459 / 982 889 247 Fax: 982294808
SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE OURENSE	Rúa Florentino L. Cuevillas 32003 Ourense	T: 988 386 687 / 988 386 571 Fax: 988 386 482
SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA	Rúa dos Irmandiños s/n 15701 Santiago de Compostela	T: 881 997 443 / 981546799 Fax: 881 997 442



# Explotacións intensivas de gando porcino

## Plan de produción e xestión de esterco

Normativa de aplicación

Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo. (BOE núm. 38, do 13.02.2020)

# EXPLORACIÓN INTENSIVAS DE GANDO PORCINO PLAN DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE ESTERCOS

Normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas (RD 306/2020, do 11 de febreiro)

## Aspectos máis relevantes da normativa



### 1 Condicións sobre bioseguridade, infraestruturas, equipamento e manexo (art. 5)

Todas as explotacións deben contar **cun valado perimetral que abrangue todas as instalacións.**

Non obstante, **a balsa de esterco** e a esterqueira, logo de informe e autorización da autoridade competente, poderán situarse fóra do espazo delimitado polo valado perimetral. Esta **deberá contar, polo menos, cun valado propio** das mesmas características que o valado da explotación, e **deberá cumprir cos requisitos de localización** establecidos pola autoridade competente na autorización concedida.

### 2 Sistema integral de xestión (SIXE) (art. 6)

**Todas as explotacións de gando porcino, incluídas as existentes, coa excepción das de autoconsumo e reducidas, contarán cun SIXE**, actualizable cada cada 5 anos e, en calquera caso, sempre que a explotación modifique substancialmente as súas instalacións ou prácticas de manexo.

O SIXE contará cun **Plan de produción e xestión de esterco**, que incluirá:

- **Un sistema de recollida** e instalacións previstas para o almacenamento dos esterco.

- A **produción anual estimada** de esterco.
- Unha **descripción da xestión prevista** para os esterco, sinalando a contía dos que se destinarán directamente á valorización agronómica e as contías dos que se destinarán a un tratamento autorizado.
- A **superficie agrícola ou forestal para a utilización dos esterco** polo produtor e a identificación das parcelas destinatarias, así como a identificación dos operadores autorizados aos cales se entregase o esterco ou, se for o caso, as instalacións de tratamento autorizadas de destino dos esterco.

### 3 Xestión de esterco na explotación (art. 9)

De aplicación a **todas as explotacións de gando porcino, incluídas as xa existentes**, agás as de autoconsumo e reducidas.

- O esterco deberá estar almacenado no exterior, en balsas ou fosas cercadas e impermeabilizadas natural ou artificialmente, que eviten o risco de filtración e a contaminación das augas superficiais e subterráneas, asegurando que se impidan perdas por rebordamento, filtración ou por inestabilidade xeotécnica, co tamaño preciso para poder almacenar a produción de polo menos **tres meses**, que permita a súa xestión adecuada de acordo co plan de produción e xestión de esterco incluído no SIXE. En Galicia nas explotacións sometidas a incidencia ambiental, avaliación de impacto ambiental e avaliación ambiental integrada, a capacidade de almacenamento será de **seis meses**.

En Galicia, nas explotacións existentes (en funcionamento), para os efectos de contabilizar o volume de xurros, teranse en conta as fosas e canles existentes, incluídas as que se atopan debaixo das naves.

No caso de ampliación das explotacións existentes (en funcionamento), contabilizaranse as fosas interiores das naves existentes, así como as fosas/balsas exteriores existentes, pero non se contabilizarán as fosas interiores das naves de nova construción (so se contabilizarán as novas fosas/balsas exteriores).

Ás explotacións de nova implantación só se lles contabilizará a capacidade das fosas/balsas exteriores.



- A modificación ou **construción dunha balsa nova ou calquera modificación do tamaño ou estrutura** da balsa deberá acompañarse **coa adopción de técnicas que reduzan as emisións de amoníaco nun mínimo dun 80 %** con respecto á referencia da balsa sen ningún tipo de cuberta. Se esta técnica implica que se acumule metano, adoptaranse sistemas de xestión do metano para evitar riscos.
- Cando a explotación traballe con **esterco sólido**, debe mesturarse con palla ou outras substancias que absorban a humidade e deberán dispor dunha esterqueira impermeabilizada e cuberta, cun sistema de recollida de lixiviados.

Poderase **manipular o esterco na propia explotación**, sen que implique mestura de esterco doutras explotacións e sempre que o destino final sexa a valorización agronómica ou a entrega a xestor autorizado.

### Os titulares das explotacións xestionarán os esterco mediante algún dos seguintes procedementos:

#### 1. Valorización agronómica

- Respectando o Regulamento do dominio público hidráulico ou os plans hidrolóxicos de conca, as **distancias mínimas de 100 m** respecto ás explotacións do Grupo I e **200 m** respecto a explotacións do Grupo II e III e a cascos urbanos.
- Dispor de **superficie agrícola suficiente, propia ou concertada**, individualmente para cada explotación ou ben cun programa de xestión común para varias explotacións, logo de autorización do órgano competente.

#### 2. Entrega a un operador autorizado acreditando a entrega mediante:

- O correspondente contrato
- O rexistro de entregas á instalación
- O arquivo dos documentos comerciais (normativa SANDACH ou de residuos)

